

ORIENTACIÓNS SOBRE A COMPOSICIÓ DE TEXTO HISTÓRICO

A composición de texto histórico consiste nunha redacción baseada no comentario de varios textos relacionados entre sí.

Debe facerse unha lectura atenta aos documentos, en profundidade, facendo ao mesmo tempo unha ordenación e xerarquización das ideas. Isto servirá para non repetir ou resumir os contidos á hora de organizar a composición e permitirá distinguir o esencial do secundario, identificando personaxes, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de comentario posterior. Para este traballo previo é fundamental subliñar, anotar nas marxes, enumerar as liñas para despois situar facilmente os feitos. Le ben os documentos aportados e organiza a información que relacionas con eles. Planifica a túa composición e lembra a súa estrutura antes de comezar a escribir. A orde é fundamental.

A composición de texto ten que ser un texto unitario, as diferentes partes do exercicio deben estar integradas, sen saltos bruscos na redacción. Organízaa en parágrafos. Cada idea debe estar presente nun parágrafo propio. Deste xeito gañarás en claridade. Non fagas parágrafos dunha oración: semellarán unha lista de ideas sen conexión, carente da necesaria argumentación.

Para contextualizar historicamente os diversos textos, non te limites a dar unha data, tes que ter en conta o contexto no que se encadran os documentos. Analízanse, pois, as causas, as consecuencias, os intereses que defenden, os obxectivos que se pretenden. Recorda que sempre tes que aportar información, clarexar os documentos, establecer relacións, sacar conclusións, identificar os personaxes, etc.

Toda composición debe facerse partindo dos documentos, non á marxe deles. O traballo sobre documentos debe demostrar que tes capacidade para poñer os teus coñecementos xerais en correcta relación cos contidos dos documentos concretos e pode aportar explicacións e comentarios propios. Recorda que a composición é un comentario único, non unha agregación de comentarios independentes, polo que a túa redacción debe integrar todos os documentos propostos. É imprescindible que desenvovas unha serie de automatismos para a mención dos documentos xa que terás que citalos ó longo do teu exercicio (por exemplo: “como aparece no doc.1”, “ó que fai mención o doc.1”).

Terase en conta a forma de redacción, explicando correctamente e con coherencia as ideas aportadas. Teranse en conta as normas ortográficas e outras pautas básicas da

linguaxe escrita (precisión no léxico, sintaxe correcta, claridade na expresión), así como tamén a presentación do exercicio.

As valoracións propias que se podan facer deben basearse en criterios de coñecemento histórico e non en opinións persoais de tipo ético.

Estas pautas podémolas estruturar no momento de facer a composición da seguinte forma:

1. **INTRODUCCIÓN** ⌚ Referencia inicial ao tema que presente o eixe central dos textos. ⌚ Contextualización de cada un, ou do conxunto dos documentos no seu período histórico concreto. ⌚ Identificación breve do contido en cada documento. ⌚ Non é necesario facer unha clasificación dos textos, máis ben debe evitarse para non perder a coherencia do conxunto.

2. **DESENVOLVEMENTO** ⌚ Caracterizar cada documento, recollendo as ideas fundamentais.

Esta caracterización non debe referirse a cada texto como algo illado, senón que se debería salienta as relacións que existen entre eles: diferencias ou semellanzas, ideas que comparten ou nas que se opoñen, feitos históricos relacionados, etc. ⌚ É moi importante organizar a información, cunha exposición ordenada, e tendo en conta aspectos como as ideas principais e secundarias, relacións causa-efecto, personaxes ou acontecementos que deban comentarse.

3. **CONCLUSIÓN** ⌚ Facer unha síntese que centre a idea ou ideas fundamentais da análise, comentando tamén, se é posible, o interese e repercusión histórica dos documentos: consecuencias e efectos dos feitos históricos contidos nos textos. ⌚ Cando se desexe facer unha valoración persoal, esta debe ser sempre histórica, nunca ética.

NON DEBE FACERSE	DEBE FACERSE
<p>Limitarse a reproducir os documentos (paráfrase).</p> <p>Non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña.</p>	<p>Utilizar os documentos na redacción (como mínimo citalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles).</p> <p>Contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos).</p> <p>Analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais) -completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “cuestións a atender”).</p> <p>Desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das “cuestións a atender” ou desenvolver unha orde alternativa).</p>